

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

Pedrona Serra Payeras
Susanna Soler Prat

2024

Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

Pedrona Serra Payeras

Susanna Soler Prat

2024

Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Ada GARRIGA COTS, presidenta da Comisión de Igualdade, Universitat Abat Oliba CEU · **Carmen VIVES CASES**, directora do Secretariado de Igualdade, Universitat d'Alacant · **Marta TORT COLET**, comisaria de Educación, Cultura, Xuventude e Deporte, Universitat d'Andorra · **María PRATS FERRET**, directora do Observatorio para a Igualdade, Universitat Autònoma de Barcelona · **Núria FERRAN FERRER**, delegada do reitor para a dirección da Unidade de Igualdade, Universitat de Barcelona · **Elisa MARCO CRESPO**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat CEU Cardenal Herrera · **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universitat de Girona · **Capilla NAVARRO GUZMÁN**, directora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universitat de les Illes Balears · **Consuelo LEÓN LLORENTE**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Internacional de Catalunya · **Fernando VICENTE PACHÉS**, director da Unidade de Igualdade, Universitat Jaume I · **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centre Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universitat de Lleida · **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Miguel Hernández d'Elx · **María OLIVELLA QUINTANA**, coordinadora da Unidade de Igualdade, Universitat Oberta de Catalunya · **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universitat de Perpinyà Via Domitia · **Josefina ANTONIJUAN RULL**, vicerreitora de Responsabilidade Social e Igualdade, Universitat Politècnica de Catalunya · **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Politècnica de València · **María José GONZÁLEZ LÓPEZ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Pompeu Fabra · **Andrea DEL POZO RODRÍGUEZ**, xefa da Área de Secretaría Xeral, Universitat Ramon Llull · **Víctor MERINO SANCHO**, director do Observatorio da Igualdade, Universitat Rovira i Virgili · **Rosa María MOCHALES SAN VICENTE**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de València · **Mar BINIMELIS ADELL**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya

**Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración
coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela**

© Xarxa Vives d'Universitats, 2022, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2024, desta edición

Tradución

Traducciones Sprint

Revisión

Oficina para a Igualdade de Xénero
Universidade da Coruña

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0
creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl

..ÍNDICE

Presentación	5
Artes e Humanidades	7
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias	8
Ciencias da Vida.....	8
Enxeñarías e Arquitectura.....	8
Metodoloxía.....	9
01. Introducción	10
02. A cegueira de xénero e as súas implicacións	12
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	16
3.1. Sensibilización do profesorado universitario cara á igualdade de xénero e a coeducación	16
3.2. Obxectivos e competencias para evitar a discriminación por razón de sexo-xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.....	17
3.3. Deseño de contidos curriculares baseados no modelo coeducativo e a pedagogía crítica.....	18
3.4. Elaboración e uso de materiais didácticos que adopten a perspectiva de xénero.....	19
3.5. Garantir a participación equitativa nas actividades de aprendizaxe empregando o espazo e o material de forma equilibrada.....	19
3.6. Formación para a convivencia e a transformación de modelos e relacións tradicionais de xénero	20
3.7. Uso da linguaxe non sexista	21
3.8. Reflexións sobre as crenzas propias e os estereotipos de xénero.....	22

04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia das ciencias da actividade física e do deporte.....	27
05. Recursos docentes para incorporar a perspectiva de xénero	42
06. Ensinar a investigar con perspectiva de xénero	48
6.1. Traballo de fin de grao, traballo de fin de máster e prácticum....	48
6.2. A investigación e a transferencia á sociedade	49
6.3. O coñecemento científico	49
6.4. TFG e TFM con perspectiva de xénero	50
6.4.1. Aspectos comúns nos TFG e TFM en ciencias da actividade física e do deporte.....	51
6.4.2. TFG no ámbito da educación física	52
6.4.3. TFG no ámbito da saúde	53
6.4.4. TFG no ámbito do rendemento deportivo	54
6.4.5. TFG no ámbito da xestión deportiva e o recreo.....	55
07. Recursos pedagóxicos.....	56
7.1. Transversalidade de xénero na formación universitaria.....	56
7.2. Educación física non sexista.....	56
7.3. Xestión deportiva e perspectiva de xénero	58
7.4. Adestramento deportivo	58
7.5. Saúde e actividade física.....	59
7.6. LGTBI e deporte.....	59
7.7. Prevención da violencia de xénero e do acoso sexual infantil no deporte.....	60
7.8. Linguaxe	61
08. Para profundar	62

..Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? No eido universitario, a perspectiva de xénero ou transversalidade de xénero é unha política integral de promoción da igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión universitaria, que son todas áreas afectadas por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en consideración as características, as necesidades e os intereses tanto das mulleres como dos homes, e discirnan os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e a masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives d'Universitats [Rede Vives de Universidades (XVU)] promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, sobre todo no ámbito de acción da perspectiva de xénero. Cómpre lembrar que as políticas que non teñen en conta eses roles diferentes e necesidades diversas e, daquela, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, mediante a que lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, achegándolle fontes de referencia e autoridade académica e procurando fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia do coñecemento nas aulas sensible ao sexo e o xénero comporta varios beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha banda, ao profundar na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, xa teóricas, xa empíricas, que se producen ao partir do home como referente universal ou ao non ter en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes.

Xa que logo, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, as tecnoloxías e as innovacións (re)producidos. Doutra banda, fornecer o alumnado de ferramentas novas para identificar os estereotipos, as normas e os roles sociais de xénero contribúe a desenvolver un espírito crítico de seu e a adquirir competencias que lle permiten evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas para garantir a atención á diversidade de estudantes.

O documento que ten nas mans é froito do plan de traballo do Grupo de Traballo en Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero na docencia e a investigación universitarias. O informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), confirmou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria aínda é un desafío pendente, malia o marco normativo vixente a nivel estatal, europeo e dos territorios da XVU. En 2021 publicouse unha nova edición deste informe, desta vez coordinado por M. José Rodríguez Jaume e Diana Gil González (Universitat d'Alacant). Nel conclúase que, aínda que o xénero se está a incluír de maneira progresiva en materias dos plans de estudos dos distintos graos, aínda persiste un enfoque restritivo que, malia promover a formación en xénero nos contidos, nas formulacións e nas metodoloxías, presenta limitacións, como o escaso cambio na cultura organizativa e de xestión das universidades ou a convivencia coa cegueira de xénero nas demais materias do plan de estudos.

Un dos retos principais que se identificou no informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao é a necesidade de formar o profesorado nesa competencia. Nesa liña, sinálase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden ao profesorado a impartir unha docencia sensible ao xénero.

Por esta razón, o GT en Igualdade de Xénero da XVU acordou desenvolver a colección Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero, coordinada, na primeira fase, por Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e, nas seguintes, por M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Maria Olivella Quintana (Universitat Oberta de Catalunya).

Ata o de agora, elaboráronse en total vinte e oito guías, encargadas a profesorado experto na aplicación da perspectiva de xénero en cadansúa disciplina e procedente de distintas universidades:

Artes e Humanidades

Antropoloxía: Jordi Roca Girona (Universitat Rovira i Virgili)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universitat Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universitat Jaume I)

Historia: Mónica Moreno Seco (Universitat d'Alacant)

Historia da Arte: M. Lluïsa Faxedas Brujats (Universitat de Girona)

Museoloxía e Museografía: Ester Alba Pagán (Universitat de València)

Ciencias Sociais e Xurídicas

Comunicación: Maria Forga Martel (Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya)

Dereito e Criminoloxía: M. Concepción Torres Díaz (Universitat d'Alacant)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universitat Autònoma de Barcelona)

Xeografía: Maria Prats Ferret e Mireia Baylina Ferré (Universitat Autònoma de Barcelona)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa M. Ortiz Monera e Anna M. Morero Beltrán (Universitat de Barcelona)

Turismo: Ester Noguer Juncà (Universitat de Girona) e Montserrat Crespi Vallbona (Universitat de Barcelona)

Ciencias

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Matemáticas: Irene Epifanio López (Universitat Jaume I)

Ciencias da Vida

Bioloxía: Sandra Saura Mas (Universitat Autònoma de Barcelona)

Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Pedrona Serra Payeras e Susanna Soler Prat (INEF Barcelona)

Enfermaría: M. Assumpta Rigol Cuadra e Dolors Rodríguez Martín (Universitat de Barcelona)

Medicina: M. Teresa Ruiz Cantero (Universitat d'Alacant)

Nutrición e Dietética: Purificación García Segovia (Universitat Politècnica de València)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universitat de les Illes Balears)

Enxeñarías e Arquitectura

Arquitectura: María-Elia Gutiérrez-Mozo, Ana Gilsanz-Díaz, Carlos Barberá-Pastor e José Parra-Martínez (Universitat d'Alacant)

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universitat d'Alacant)

Enxeñarías Agrarias: M. Dolores Raigón Jiménez (Universitat Politècnica de València)

Enxeñaría Naval, Marina e Náutica: Claudia Barahona-Fuentes e Marcel·la Castells-Sanabra (Universitat Politècnica de Catalunya)

Enxeñaría Industrial: Elisabet Mas de les Valls Ortiz e Marta Peña Carrera (Universitat Politècnica de Catalunya)

Enxeñaría Multimedia: Susanna Tesconi (Universitat Oberta de Catalunya)

Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación: Sònia Estradé Albiol (Universitat de Barcelona)

Metodoloxía

Docencia en liña con perspectiva de xénero: Míriam Arenas Conejo e Iolanda García González (Universitat Oberta de Catalunya).

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias que se imparten non supón máis ca reflexionar verbo dos diferentes elementos que configuran o proceso de ensinanza-aprendizaxe, partindo do sexo e o xénero como variables analíticas chave. Para poder revisar as súas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atopará recomendacións e indicacións que abranguen todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, linguaxe e exemplos empregados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación, e xestión do contorno de aprendizaxe. No fin de contas, incorporar o principio de igualdade de xénero non é soamente unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

M. JOSÉ RODRÍGUEZ JAUME E MARIA OLIVELLA QUINTANA,
coordinadoras

.. 01. Introducción

Pedrona Serra Payera e Susanna Soler Prat son profesoras e investigadoras do Institut Nacional d'Educació Física de Catalunya (INEFC, Barcelona), centro adscrito á Universitat de Barcelona, e imparten docencia no Grao universitario en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Por medio da súa docencia e investigación, achegan, desde a perspectiva da pedagogía crítica, unha visión reflexiva e crítica da sociedade para que o alumnado reconsidere os roles tradicionais de xénero que se reproducen desde o ámbito da educación física, a actividade física e o deporte. Esta guía aborda a reflexión sobre os nesgos de xénero neste ámbito para axudar a rachar cos estereotipos de xénero que se dan na sociedade actual, pois a formación das novas xeracións de profesionais da actividade física, a educación física e o deporte desde a perspectiva de xénero é imprescindible para acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes no mundo do deporte, así como para favorecer a construción dunha sociedade máis xusta desde a nosa área profesional, académica e científica.

A proposta supón reescribir as regras do xogo: transformar os mecanismos de exclusión e discriminación máis visibles e explícitos; recoñecer e eliminar os mecanismos que, a miúdo de forma inconsciente e invisible, perpetúan a desigualdade de xénero, a visión androcéntrica e a reprodución dos estereotipos desde todas as disciplinas que configuran as ciencias da actividade física e do deporte, e incorporar á docencia de todas as materias os coñecementos sobre as mulleres e as súas contribucións, as relacións de xénero e os diferentes tipos de masculinidades. Supón, polo tanto, incluír unha mirada de xénero que non é exclusiva das mulleres nin se dirixe só a elas, senón que contribúe ao fortalecemento do modelo democrático, un modelo no que a reivindicación dunhas relacións máis xustas beneficia mulleres e homes en toda a súa diversidade.

Nesta guía, as autoras presentan unha serie de estratexias de análise da práctica docente con perspectiva de xénero e ofrecen diferentes recomendacións para incorporar esta perspectiva no ámbito da educa-

ción física, a actividade física e o deporte. A súa proposta exemplifícase en varias materias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Didáctica (materia troncal), Xogos e Deportes Alternativos (materia optativa) e Promoción e Prescrición do Exercicio Físico para a Saúde.

•• 02. A cegueira de xénero e as súas implicacións

A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes e mais a ruptura dos estereotipos de xénero na actividade física, a educación física e o deporte seguen a ser algúns dos grandes retos da nosa sociedade, en pleno século XXI. Gertrud Pfister (2010) sinala que, no ámbito sobre o que trata esta guía, os estereotipos tradicionais de masculinidade e feminidade aínda están moi presentes, malia teren experimentado certos cambios na sociedade occidental durante os últimos anos. A universidade e todos os centros de formación vinculados á actividade física, a educación física e o deporte teñen un papel fundamental como axentes de cambio e transformación dos modelos e as relacións de xénero debido ás súas funcións de formación de profesionais, investigación e transferencia do coñecemento.

Desde hai máis dunha década, a presenza de mulleres entre o estudiantado das universidades do Estado é lixeiramente superior á de homes; con todo, as porcentaxes difiren de forma significativa en certos ámbitos de coñecemento, como é o caso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Por ese motivo, e segundo o exposto por Donoso e Velasco (2013), adoptar a perspectiva de xénero implica analizar de maneira crítica as formas nas que o sistema social delimita espazos e recursos para mulleres e para homes, e condiciona as súas eleccións, así como a forma na que a orde simbólica e real de xénero xerarquiza o que se considera masculino por riba do que se considera feminino. O deporte, a educación física e a actividade física non son alleos a esa mirada, polo que, como afirman Donoso e Velasco (2013: 75), «ollar a realidade con perspectiva de xénero é aspirar a redefinir as regras do xogo».

A práctica de actividades físico-deportivas entre as mulleres experimentou certo crecemento e o sistema deportivo transformouse con múltiples actividades e formatos. Constátase que as mulleres foron accedendo á práctica deportiva por medio dunha actividade máis asociada ao ocio, á estética ou á saúde ca á competición, e a súa incorporación ao sistema deportivo fixo posible que xurdisen outros modos de facer e entender o

deporte e a actividade física, que na actualidade están moito máis diversificados (Puig, 2001). Porén, nos estudos relacionados coa actividade física e o deporte non parece observarse ningún progreso nin transformación. O problema que existe nesta área de coñecemento é a redución do número de mulleres que estudan o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e outras titulacións como os ciclos de grao medio e superior relacionados coa materia (Serra et al., 2019): en Cataluña, a porcentaxe de mulleres matriculadas nese grao en 2021 era só do 23 %.

O mercado laboral relacionado coa actividade física, a educación física e o deporte está moi masculinizado, a presenza de mulleres nel é moi reducida e a influencia do xénero é determinante (Moragas, 2014; Pérez, 2015; Viñas e Pérez, 2014). A nivel estatal, a presenza de mulleres no sector da actividade física e o deporte representa un 35 %, porcentaxe que diminúe moito en función do ámbito de traballo e que tamén se pode ver reducida segundo o posto que estas ocupen. Neste sentido, prodúcese o que se denomina *segregación horizontal* e *segregación vertical*: os homes son os que ocupan os postos de decisión e xorden toda unha serie de barreiras estruturais que dificultan a mobilidade das mulleres no relativo a funcións e poder de decisión.

Diferentes investigacións realizadas nas áreas de coñecemento das matemáticas, a enxeñaría e a informática, onde as mulleres tamén son minoría (nestas carreiras universitarias dáse unha situación similar á dos estudos en ciencias da actividade física e do deporte), ofrecen algunhas explicacións a este fenómeno. Estes estudos estableceron as variables que provocan o nesgo de xénero na elección da traxectoria académica e profesional (Candela, 2008; Eccles, 2011; Serra et al., 2020), e observaron que, no proceso de elección, as mozas escollen a súa carreira profesional en función dos seus gustos e da súa preferencia persoal, mentres que os mozos se guían polas oportunidades profesionais que lles brindará a opción escollida. Outra observación é que os mozos consideran máis importante que o seu futuro traballo lles permita gañar moito diñeiro, facer ou inventar cousas novas e chegar a ser famosos, mentres que as mozas coidan máis

importante que o seu futuro traballo lles permita axudar outras persoas, resultado que se interpreta como parte do estereotipo feminino (máis sociables e máis sensibles cara a outra xente) (Serra *et al.*, 2019). En consecuencia, existe entre as mulleres unha maior tendencia a traballar en áreas vinculadas coa axuda e a asistencia social, outra característica do estereotipo feminino (Jones, Howe e Rua, 2000). Outro elemento que se debe ter en conta é a influencia que exercen os axentes socializadores na mocidade á hora de motivala a escoller o seu futuro académico e laboral (Stake e Nickens, 2005; Serra *et al.*, 2019): algúns traballos mencionan que o papel da familia e do profesorado é o máis importante, mentres que outros prestan máis atención ás amizades coas que comparten o seu día a día. Polo tanto, a elección dunha ou outra carreira universitaria pode verse condicionada, debilitada ou potenciada polas propias aspiracións da familia ou polas amizades, así como por outros factores como o económico ou a educación recibida (Lent, 2012). Ademais, na elección dos estudos tamén atopamos a influencia doutro importante factor: as características dos traballos que se poden levar a cabo coa formación elixida. Na análise elaborada por Serra *et al.* (2019) conséntase que as características do mundo laboral das ciencias da actividade física e do deporte que percibe a mocidade só están relacionadas co deporte de competición, coa carga cultural e de xénero que isto implica. Malia que se trata dun mercado laboral moito máis amplo e diversificado, a percepción desta área de traballo é moito máis reducida e pode dar lugar a un importante nesgo de xénero á hora de elixir os estudos.

No ámbito académico do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, á hora de valorar a incorporación da perspectiva de xénero nos plans de estudo (tal como indica a lexislación actual), conséntase que aínda queda moito camiño por percorrer: a pesar do marco legal establecido, son múltiples as voces que manifestan que existe un equilibrio pouco positivo no que respecta á inclusión real da perspectiva de xénero na formación universitaria (Verge e Cabruja, 2017), especialmente nas titulacións máis vinculadas ao ámbito educativo (Anguita e Torrego, 2009; Aristizábal e Vizcarra, 2012; Donoso e Velasco, 2013; Serra *et al.*, 2018). O ámbito universi-

tario caracterízase pola pouca ou nula consciencia e sensibilidade sobre o tema, é dicir, pola «cegueira en materia de xénero» por parte do profesorado (Donoso e Velasco, 2013). Esta situación tamén é así no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte a nivel estatal: segundo un estudo elaborado por Serra (2016), o 74,6 % dos materiais curriculares non incorpora a perspectiva de xénero e o 18,5 % faino de maneira superficial; é dicir, a perspectiva de xénero abórdase de forma moi xenérica e sen garantir que se poña en práctica nas materias (Serra, 2016). En conxunto, os datos revelan un descenso crítico da presenza de mulleres nos estudos desa área de coñecemento (Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Grao en Maxisterio coa especialidade de Educación Física e ciclos formativos de grao medio e superior relacionados coa actividade física e o deporte), así como unha presenza case anecdótica da perspectiva de xénero na formación das e dos profesionais do futuro.

Á hora de incorporar contidos sobre xénero ás materias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, podémonos atopar con diferentes discursos que, ou ben axudan a perpetuar os roles de xénero e a visión androcéntrica do mundo, ou ben achegan coñecementos para axudar a cambiar a sociedade por medio da educación con perspectiva de xénero. Na maioría dos casos, séguense perpetuando as diferenzas entre mulleres e homes, e refórzanse os modelos tradicionais dicotómicos no coñecemento da actividade física, a educación física e o deporte, se ben cómpre dicir que algunhas propostas pedagóxicas si recoñecen as múltiples femiñidades e masculinidades cunha mirada crítica e fomentan a reflexión do alumnado con accións de transformación social (Serra *et al.*, 2018).

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

A formación en cuestións de xénero na educación superior responde á necesidade de dotar o alumnado universitario dun marco interpretativo da sociedade que encaixe cos elementos da xustiza social e da construción dun mundo máis equitativo e humano. Xa que logo, é preciso considerar o sexo e o xénero como variables explicativas e de análise, así como saber detectar as causas e consecuencias da desigualdade de xénero. Cómpre recordar que o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte é unha titulación de catro anos (240 ECTS) e que, en combinación co Máster en Formación do Profesorado en Educación Secundaria na especialidade de Educación Física (cun ano de duración e 60 ECTS), contribúe á formación básica do profesorado de Educación Física en educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato e ciclos formativos de actividade física. A formación en cuestións de xénero para o profesorado de Educación Física e das demais especialidades considérase totalmente necesaria e urxente, dado que serán as e os profesionais responsables de xerar cambios nas súas prácticas e de rachar con certos comportamentos sexistas que se producen no ámbito da educación física.

A seguir preséntase un enfoque pedagóxico para incorporar a perspectiva de xénero na formación de profesionais en ciencias da actividade física e do deporte, sexa cal sexa o seu ámbito de traballo (educación física, xestión deportiva, saúde, medio natural ou adestramento). A proposta que se detalla debe axudar a mudar a visión das materias para facelas máis sensibles á perspectiva de xénero.

3.1. Sensibilización do profesorado universitario cara á igualdade de xénero e a coeducación

O currículo oculto desempeña un papel fundamental na reprodución dos modelos tradicionais de xénero: as miradas, os xestos, o ton da voz, os

silencios, os comentarios, a actitude corporal ou a forma de vestir transmiten mensaxes, ás veces máis relevantes que a propia mensaxe explícita. Tamén as interaccións entre o profesorado e o alumnado son diferentes e desiguais, do mesmo xeito que o son as expectativas sobre os resultados dos mozos e das mozas. A este respecto, a educación física e o deporte pertencen a un ámbito que, pola súa estreita relación co corpo, a gran tradición patriarcal e a presenza de actividades extremadamente estereotipadas, resulta relevante tanto para a reprodución como para a transformación das relacións de xénero (Soler, 2007, 2009; Vázquez e Álvarez, 1990).

O profesorado é quen configura o seu discurso para transmitir os coñecementos e quen se encarga de deseñar a práctica didáctica (desde estruturar o programa académico ata facer a avaliación); polo tanto, é quen pode exercer o papel activo de transformación ou reprodución, con base na influencia da súa traxectoria persoal e as súas crenzas. Entre o profesorado universitario do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, ao igual que entre o alumnado, son comúns os sentimentos de rexeitamento ou incomodidade ante os temas de xénero: o «medo ao feminismo», a «cegueira en materia de xénero» ou o «espellismo da igualdade» son algunhas das ideas que xorden cando se presenta a formación en perspectiva de xénero. Axudar a que o profesorado supere esta barreira e dispoña de ferramentas para desenvolver unha docencia sensible ao xénero ten que ser unha das prioridades dos graos universitarios, polo que é necesario impulsar actividades periódicas de sensibilización, formación e transferencia en perspectiva de xénero para toda a comunidade universitaria (seminarios, cursos de formación etc.).

3.2. Obxectivos e competencias para evitar a discriminación por razón de sexo-xénero, identidade de xénero ou orientación sexual

As guías docentes deben garantir a presenza das competencias vinculadas coa igualdade de xénero, os dereitos humanos e os valores democráticos e propios da cultura da paz; é dicir, deben desenvolver hábitos de excelencia

e calidade no exercicio profesional aplicando os dereitos fundamentais e o principio da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

3.3. Deseño de contidos curriculares baseados no modelo coeducativo e a pedagogía crítica

A literatura científica argumenta que un dos motivos polos que non se incorporan contidos en perspectiva de xénero é a súa transversalidade. En concreto, o enfoque transversal sería o modelo ideal para abordar as cuestións de xénero se todo o persoal docente estivese implicado e se comprometese a incluír a perspectiva de xénero na súa materia. Porén, Donoso e Velasco (2013) expoñen que, no ámbito universitario, ou non se considera relevante nin significativo prestar atención á perspectiva de xénero no labor docente, ou adóptase unha postura neoliberal segundo a cal a desigualdade de xénero é un problema superado (Bonafant, 1998; Rich, 2001; Scruton, 2013; Vilanova e Soler, 2012), polo que, se xa se conseguiu a igualdade, non cómpre incluír a formación do profesorado de Educación Física (Prat e Flintoff, 2012). En consecuencia, a incorporación da perspectiva de xénero depende en exclusiva da boa vontade do profesorado sensibilizado, que mesmo se ten que enfrontar ao «medo» que xera entre colegas. No eido específico da educación física, Flintoff (1993: 188) sinala que a transversalidade é «un camiño cara a ningures, unha maneira de evitar o tema de forma colectiva», e considera que, se a transversalidade se adopta unicamente como mecanismo para introducir a perspectiva de xénero, ten poucas posibilidades de éxito na educación física.

Por outra banda, a opción de incorporar as cuestións de xénero nunha materia específica tamén ten as súas limitacións, xa que pode conducir a que o resto do profesorado se desentenda (Donoso e Velasco, 2013; Prat e Flintoff, 2012). De feito, Wright (2002) sinala que, no ámbito da educación física, a temática de xénero queda relegada a materias optativas, e isto mesmo pode facer que o alumnado non escolla esas materias.

Tendo en conta todo o exposto ata agora, considérase necesario introducir as cuestións de xénero de maneira específica nunha materia concreta e, ao mesmo tempo, desenvolver un tratamento transversal en cada unha das materias do grao; isto é, cómpre incorporar competencias e obxectivos en todas as materias do grao e, pola súa vez, contar cunha materia específica para abordar esta temática. O éxito virá da coordinación de todo o profesorado das diferentes áreas e departamentos, de modo que se garanta un traballo transversal en perspectiva de xénero, xunto co traballo desde unha materia específica na que se aborde a fondo e en toda a súa complexidade a perspectiva de xénero e a igualdade entre mulleres e homes no ámbito da educación física, a actividade física e o deporte.

3.4. Elaboración e uso de materiais didácticos que adopten a perspectiva de xénero

Os materiais didácticos que se empregan no ámbito da educación física, a actividade física e o deporte poden contribuír á reprodución dos estereotipos de xénero, o que condiciona as prácticas deportivas das crianzas, así como a adopción de certos comportamentos vinculados cos roles de xénero. Táboas e Rey (2012) conclúen que os libros de texto utilizados neste ámbito contribúen a reproducir estereotipos de xénero, dado que nas imaxes que neles aparecen predominan os deportistas homes e caucásicos. Polo tanto, elaborar e empregar materiais didácticos que adopten a perspectiva de xénero garantirá a ruptura cos roles e estereotipos, o que tamén implica utilizar materiais que permitan analizar de forma crítica iniciativas que se levan a cabo noutros contextos, como a educación física escolar.

3.5. Garantir a participación equitativa nas actividades de aprendizaxe empregando o espazo e o material de forma equilibrada

Múltiples estudos (Soler, 2009; Subirats e Tomé, 2007) poñen de manifesto que os aspectos organizativos das sesións, como a ocupación do espazo

ou o uso do material nas clases de Educación Física ou en ambientes deportivos (que se fai de forma desigual), son factores que reproducen o rol masculino dominante na sociedade. O uso de materiais convencionais para levar a cabo as sesións conduce a unha práctica hexemónica dos deportes, na cal queda reflectida a identificación co estereotipo de xénero. Por outra banda, os espazos reproducen os privilexios e as xerarquías dos grupos dominantes da sociedade, e tamén transmiten e ensinan a forma de relacionarse, de estar e de controlar o espazo (Molinés, 2020). Por exemplo, os nenos son os que ocupan principalmente o espazo central dos patios das escolas, e o mesmo ocorre cos homes no ximnasio, onde acaparan o uso das máquinas e pesas nas zonas centrais. Polo tanto, a relación que se xera co espazo reforza a motricidade estereotipada mediante os xogos e deportes que se practican nel. Neste sentido, sensibilizar sobre estas cuestións e dispoñer de recursos para a súa transformación debería ser un requisito na formación das persoas profesionais deste ámbito.

3.6. Formación para a convivencia e a transformación de modelos e relacións tradicionais de xénero

A formación tanto para a convivencia entre mozas e mozos como para a posta en práctica de accións que favorezan o cambio adoita estar ausente na formación do profesorado. Esa permitiralle a quen no futuro se dedique ao ámbito da actividade física, a educación física e o deporte repensar de que maneira concibe o sistema profesional (educativo, do adestramento, da saúde ou da xestión): como un órgano de reprodución social ou como un órgano de transformación social no cal incorporar a reflexión das súas prácticas e pautas de cambio. En particular, quen teña que exercer como docente de Educación Física, como persoal técnico dunha instalación deportiva, na xestión deportiva ou no ámbito da saúde ou o rendemento deportivo debería contar con métodos cooperativos e recursos para a resolución de conflitos, así como con metodoloxías dirixidas a traballar a diversidade e mais a prevención da violencia de xénero e o acoso sexual.

3.7. Uso da linguaxe non sexista

En calquera acción pedagóxica, a linguaxe vai ligada á transmisión e adquisición de coñecementos, á vez que non pode separarse da ideoloxía de quen transmite a mensaxe.

Lledó (1992) afirma que a linguaxe non só é un reflexo da realidade, senón que tamén constrúe o pensamento e a idea que temos da sociedade que nos rodea. Esta autora sinala que a linguaxe é un produto da sociedade; o pensamento vincúlase a través da linguaxe e, como ferramenta social, esta constrúe o pensamento ao tempo que o limita. Segundo isto, a linguaxe é un elemento fundamental para a divulgación e, ao mesmo tempo, a restrición das formas de consciencia. Polo tanto, a linguaxe non só nos permite comunicar, senón que é o vehículo grazas ao cal temos a capacidade de aprender e adquirir novos coñecementos.

Así pois, e en relación co exposto, alén do contido da mensaxe, cómpre ter en conta que tipo de linguaxe se emprega á hora de construír os propios discursos, é dicir, o uso ou non de formas sexistas e androcéntricas da lingua. Entendemos por *androcentrismo lingüístico* as formas que ocultan ou invisibilizan a muller na lingua, e por *sexismo lingüístico*, as actitudes que se caracterizan fundamentalmente polo menosprezo e a desvalorización (por exceso ou por defecto) do que fan ou do que son as mulleres. Ambos os conceptos están baseados na hexemonía masculina (Lledó, 2004).

O uso sistemático do xénero masculino contribúe a reproducir os roles e estereotipos de xénero, ademais de a falsear a realidade. Nesta liña, o uso que se faga da linguaxe no contexto educativo pode levar a limitar o pensamento daquelas persoas que son receptoras dos discursos pedagóxicos. O sexismo e androcentrismo lingüístico pódese corrixir e evitar sen incumprir as normas gramaticais, dado que tanto o sistema gramatical do galego ofrece múltiples opcións para que o uso do idioma non xere discriminación lingüística. As universidades deben garantir o uso dos criterios non sexistas debido ao seu papel fundamental na transmisión de coñecementos e na socialización, así como de referente e de axente clave do cambio social.

Polo tanto, traballar na sensibilización e no uso dunha linguaxe visibilizadora axudará a construír unha nova visión da sociedade. As seguintes son algunhas das accións que poden axudar a producir o cambio no futuro: dirixirse tanto a mozas como a mozos (preguntas, retroalimentacións, correccións etc.), nomear os dous colectivos durante as explicacións para visibilizalos e evitar o pensamento androcéntrico, ou evitar o uso de diminutivos e superlativos, así como de frases estereotipadas.

3.8. Reflexións sobre as crenzas propias e os estereotipos de xénero

Analizar e reflexionar sobre as experiencias persoais como profesional do ámbito das ciencias da actividade física e do deporte permite revisar e reconstruír crenzas, discursos e pensamentos propios sobre modelos e relacións de xénero. Así pois, cómpre traballar en estratexias reflexivas para o colectivo: reforzar as accións da comisión de igualdade da facultade ou da universidade e contribuír a ela desde a especialidade propia, ou colaborar con actividades específicas do eido na celebración de xornadas vinculadas á perspectiva de xénero, como o Día Internacional da Muller (8 de marzo), o Día Internacional contra a Homofobia no Fútbol (19 de febreiro) ou outras datas relevantes, pode reforzar as iniciativas de cambio ou facer repensar as crenzas propias.

O Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ten catro áreas de coñecemento diferentes: educación física, xestión, saúde e adestramento, e as catro forman parte do plan de estudos do alumnado, o que quere dicir que calquera persoa, ao se graduar, terá coñecementos destas catro áreas. Todas contan con profesorado especializado na materia, polo que debería estar formado e sensibilizado en perspectiva de xénero, pois, como xa se comentou no apartado anterior, a perspectiva de xénero nas ciencias da actividade física e do deporte pódese incluír e abordar sexa cal sexa a especialidade docente e científica desde a que se traballe.

O motor do cambio desta área de coñecemento pódese iniciar desde tres eixes:



Fonte: elaboración propia

Nesta guía só se desenvolven os dous primeiros eixes (imaxe dos estudos e profesorado) cunha serie de accións que se poden levar a cabo coa intención de producir o cambio necesario e que están recollidas neste apartado. Polo que respecta ao terceiro eixe (a organización ou universidade), no apartado 5 da guía poderanse consultar recursos para traballalo.

Eixe 1. Imaxe dos estudos e as profesións do ámbito da actividade física, a educación física e o deporte: promoción con perspectiva de xénero

Desenvolver, promover e divulgar unha imaxe corporativa moito máis diversificada, afastada dos tópicos da profesión e máis conforme coas necesidades e os intereses da mocidade, é un requisito imprescindible para frear e reverter a tendencia descendente no interese das mozas

polos estudos do ámbito das ciencias da actividade física e do deporte. No imaxinario colectivo, estes estudos asóciáanse con frecuencia ás actividades deportivas tradicionalmente consideradas como masculinas e ao modelo de deporte de rendemento, malia que a formación académica e as saídas laborais son moito máis amplas e diversas.

Neste sentido, as imaxes de homes e mulleres nas ferramentas de promoción e comunicación teñen unha repercusión importante en como a mocidade percibe quen encaixa e quen non nestes estudos, e poden facer que se sinta identificada ou non. Para conseguir un cambio na concepción estereotipada destes estudos por parte da mocidade, as imaxes que se empreguen teñen que reflectir a diversidade que hoxe en día existe entre a poboación adolescente e os seus intereses, así como rachar cos modelos tradicionais de xénero.

Accións

- a) **Incorporar, visibilizar e poñer de relevo os valores e as prácticas tradicionalmente asociadas á cultura feminina** na imaxe corporativa e a cultura organizativa do centro.
- b) **Visibilizar as mulleres** cun maior número de imaxes femininas nos materiais de difusión e en todas as canles de comunicación: sitio web, redes sociais, xornal da facultade, vídeos promocionais etc.
- c) **Seleccionar imaxes** de mulleres e homes nas cales tanto unhas como outros practiquen unha gran variedade de actividades, evitando as máis estereotipadas.
- d) **Fomentar a presenza de imaxes** nas que tanto rapaces como rapazas sexan protagonistas da actividade, evitando representalas a elas como espectadoras ou en actitude pasiva.
- e) **Excluír imaxes sexualizadas** tanto de mulleres como de homes.
- f) **Diversificar as imaxes para que reflectan as diferentes saídas profesionais e as actividades formativas** ao longo dos estudos: traballo en equipo, uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), laboratorio etc.

- g) **Implantar unha comunicación non sexista** en toda a documentación interna e externa da institución.
- h) **Diversificar as canles de difusión** para que a mocidade reciba a información.
- i) **Crear un programa de «mozas embaixadoras»** no cal universitarias formadas en perspectiva de xénero difundan e dean a coñecer os estudos de Ciencias da Actividade Física e do Deporte nos institutos.
- j) **Levar a cabo actividades de promoción** variadas (feiras educativas, xornadas de portas abertas, promoción en centros de ensino etc.) que amosen a diversidade de contidos e saídas profesionais dos estudos, evitando poñer o foco na esixencia física.
- k) **Equilibrar a participación** de mozas e mozos nas actividades de promoción e difusión dos estudos.
- l) **Dar a coñecer a porcentaxe** de mozos e mozas que superan as probas de aptitude persoal do grao universitario e desmitificar así estas probas (no caso de existiren).

Eixe 2. O profesorado: do ámbito universitario aos ciclos formativos e a educación física de primaria e secundaria

O currículo universitario e non universitario ten un papel fundamental na futura transformación ou reprodución das relacións de xénero desde a educación física, a actividade física e o deporte. Sen dúbida, incluír a perspectiva de xénero ao longo de toda a formación universitaria de forma obrigatoria é o máis relevante para transformar os modelos e as relacións tradicionais de xénero desde a escola, dado que o profesorado do mañá pode ser o axente de cambio clave para un futuro máis libre de estereotipos e xerarquías.

Accións

- a) **Coordinarse** co profesorado de diferentes áreas e departamentos para garantir un traballo transversal con respecto á perspectiva de xénero.
- b) **Revisar os materiais curriculares** de todas as materias (presentacións para a aula, documentación complementaria, recursos en liña etc.) a fin de detectar posibles ausencias, prexuízos e estereotipos.
- c) **Establecer** competencias e obxectivos específicos orientados á perspectiva de xénero no plan docente da materia e desenvolveos con coherencia ao longo de todo o currículo.
- d) **Incorporar coñecementos, actividades e prácticas tradicionalmente asociadas á cultura feminina e ás mulleres** tanto en cada unha das materias (de forma transversal) como por medio de materias específicas (acción positiva). Ambas as estratexias son imprescindibles para que a perspectiva de xénero teña impacto.
- e) **Crear un clima de respecto, colaboración e reflexión** mediante estratexias didácticas que garantan a participación das alumnas en todas as actividades e fomenten o seu apoderamento.
- f) **Incorporar a perspectiva de xénero nas rúbricas de avaliación** das actividades propias de cada materia.
- g) **Incluír referencias bibliográficas** escritas por mulleres e homes, así como literatura científica que trate os coñecementos vinculados ás mulleres e á perspectiva de xénero en cada área.
- h) **Empregar unha linguaxe inclusiva** na expresión oral e escrita da actividade docente e investigadora, como se recomenda nas diferentes guías existentes.

.. 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia das ciencias da actividade física e do deporte

Incluír a perspectiva de xénero no estudo das ciencias da actividade física e do deporte e, en xeral, no eido académico que se aborda nesta guía implica que os coñecementos sobre as mulleres, as súas contribucións, as relacións de xénero e os diferentes tipos de masculinidades e feminidades se incorporen na docencia de todas as materias, nos procesos de investigación de cada disciplina e nos valores, símbolos e métodos cotiáns do profesorado e do persoal investigador.

Tendo en conta tanto a tradición histórica destes estudos como a propia historia do deporte, incorporar a perspectiva de xénero supón reescribir as regras do xogo: por unha banda, transformar os mecanismos de exclusión e discriminación máis visibles e explícitos; pola outra, recoñecer e eliminar os mecanismos que, a miúdo de forma inconsciente e invisible, perpetúan a desigualdade de xénero, a visión androcéntrica e a reprodución de estereotipos desde todas as disciplinas que conforman as ciencias da actividade física e do deporte.

Nun estudo elaborado por Serra *et al.* (2016), salientase que o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que se imparte nas universidades públicas do Estado español amosa falta de perspectiva de xénero, dado que no 75 % das materias deste grao non se fai ningún tipo de mención ás cuestións de xénero. Na análise do citado estudo, dun total de 763 materias examinadas (de todas as universidades públicas do Estado español), só nunha se abordan en exclusiva as cuestións de xénero e a actividade física, a educación física e o deporte. Así mesmo, en 14 materias (1,8 %), pertencentes ás diferentes áreas de coñecemento deste grao, a perspectiva de xénero abórdase no conxunto da guía docente (competencias, obxectivos, contidos e referencias bibliográficas). Como se pode ver na seguinte táboa, é posible abordar a perspectiva de xénero na xestión deportiva, educación

física, saúde e adestramento se o persoal docente que coordina e imparte a materia ten a vontade de facelo e contribúe cunha mirada transformadora.

Táboa 1. *Materias do Grao en Ciencias da Educación Física e do Deporte do Estado español que abordan a perspectiva de xénero no seu plan docente*

Nome da materia

Muller e Deporte (exclusiva)

Teoría e Historia da Actividade Física e o Deporte

Socioloxía da Actividade Física e o Deporte

Actividade Física Saudable e Calidade de Vida

Habilidades Acuáticas e a súa Didáctica

Socioloxía do Deporte

Planificación e Organización de Sistemas e Actividades

Innovación e Cambio Sociocultural na Actividade Física e o Deporte

Actividade Física e Calidade de Vida

Actividade Física e Saúde

Actividades Acuáticas e Saúde

Educación Física e Diversidade: Análise e Propostas

Fonte: elaboración propia a partir de Serra (2016)

Por outra banda, como xa se foi sinalando nalgúns dos apartados desta guía, os discursos que emprega o profesorado ao impartir as sesións, así como os que se utilizan nos materiais didácticos (guía docente, material de apoio dixital, artigos de referencia, imaxes etc.), transmiten unha ideoloxía e ensinan modelos que reproducen ou transforman o xénero. Polo tanto, non só se debe considerar se incorporar ou non a perspectiva de xénero, senón tamén como se incorpora.

Por exemplo, a materia de Socioloxía da Actividade Física e o Deporte ou a de Pedagogía do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte deberían ter en conta, sen excepción, o concepto de xénero como categoría básica para realizar análises socioculturais, tal e como fan con categorías como a idade, a cultura ou o nivel socioeconómico. Con todo, se o xénero só se menciona con respecto á estatística sobre participación ou á falta de interese das nenas e mozas pola educación física ou o deporte, pódese xerar un discurso no que as mulleres son un «problema», pois participan menos ou teñen menos motivación pola práctica deportiva. Polo tanto, nestas materias é necesario incorporar a mirada das masculinidades e as femidades, así como propoñer exemplos que rachen cos modelos tradicionais e que valoren as experiencias e os intereses das nenas, mozas e mulleres, rompendo co determinismo sociocultural. Se non se fala das relacións de poder que existen nas interaccións sociais e nas organizacións deportivas, tampouco se cuestionará a hexemonía do modelo androcéntrico.

Neste sentido, se abordamos a incorporación da perspectiva de xénero ou os coñecementos relacionados coa muller desde o punto de vista dos discursos, decatáremonos de que, ás veces, o feito de incorporalos á materia acaba dando lugar á reprodución dos modelos tradicionais de xénero. Falar das cuestións que afectan ás mulleres pode parecer un avance con respecto a non falar diso, pero pode conducir a un problema maior se se reforza a mirada dicotómica entre o feminino e o masculino. Un exemplo desta situación vese nalgúns materias que abordan temas como a actividade física durante o embarazo ou actividades acuáticas para embarazadas. Estes contidos incorpóranse en materias relacionadas coas actividades acuáticas, a fisioloxía, a saúde ou o adestramento deportivo, e vinculan a actividade física da muller á función reprodutiva. Outro exemplo é o daquelas materias nas que, cando se fala de xénero ou de muller, se fai en referencia aos aspectos biolóxicos e fisiolóxicos; estes contidos clasifícanse en bloques temáticos como «outros temas», «consideracións especiais» ou «diferenzas sexuais», que adoitan estar ao final das progra-

macións e que consideran os aspectos relativos ás mulleres como unha cuestión menor, tomando como referencia e estándar o corpo masculino (mozo e branco).

Unha das estratexias que se pode incorporar nas materias está relacionada co recoñecemento das achegas e experiencias das mulleres, xa que dan valor á cultura deportiva feminina, así como visibilidade á diversidade que existe tanto entre as mulleres como entre os homes. Presentar as nenas, mozas e mulleres como persoas con intereses e gustos diferentes non é describilas só como un colectivo oprimido, senón como un grupo que participa e contribúe á sociedade, e que enriquece a cultura deportiva coas súas formas de vivir o seu corpo e a actividade física. Este enfoque do colectivo feminino dentro do sistema deportivo implica examinar as diferentes desigualdades que existen entre mulleres e homes, pero destacando a menor presenza de homes en determinadas modalidades ou prácticas deportivas tradicionalmente consideradas femininas. Outra estratexia é abordar o concepto de igualdade de oportunidades desde as limitacións do propio concepto de igualdade, dado que ter os mesmos dereitos e deberes non significa que as mulleres teñan que facer exactamente o mesmo que os homes. Por iso, incidir no concepto de igualdade efectiva e revisar desde unha mirada crítica o que significa a igualdade axudará á reflexión crítica do contido das propias materias.

O recoñecemento do concepto de diferenza e a ruptura da visión dicotómica de homes e mulleres é real cando se aborda a construción dos corpos masculino e feminino mostrando de forma crítica como a contorna inflúe tamén na bioloxía e viceversa. Un dos elementos que podería favorecer a ruptura desta dicotomía sería estudar a realidade das persoas intersexuais, transxénero ou transexuais nas diferentes materias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

No ámbito que nos ocupa, falar de promoción da saúde non é só falar da ausencia de doenzas, senón abordala como benestar físico, psicolóxico e social; polo tanto, débense ter en conta os aspectos psicosociais das persoas, que axudan a entender que os modelos e as relacións tradicionais de

xénero inflúen na propia concepción da saúde e a doenza. Así pois, unha das estratexias que se pode aplicar nas materias do ámbito da saúde é recoñecer, en primeiro lugar, a falta de estudos relacionados coa saúde e a medicina deportiva, e, a partir de aí, incorporar coñecementos vinculados coa saúde e o exercicio das mulleres que vaian máis alá dos aspectos xinecolóxicos e de reprodución (por exemplo, tratar a tríade da atleta como unha patoloxía máis, sen catalogala en temáticas menores) ou tamén falar da saúde dixital e a concepción do corpo, a reflexión crítica dos medios de comunicación como instrumentos de «consumo do corpo» etc.

En definitiva, cómpren materias que promovan a comprensión dos procesos de reprodución social e cultural do conxunto da sociedade, e que fomenten a capacidade crítica do alumnado ante os fenómenos da súa contorna. Estimular a reflexión sobre as crenzas propias e revisar a identidade profesional son dinámicas que teñen cabida en todas as materias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e que axudarán a transformar o sistema deportivo e, xa que logo, a práctica dos e das profesionais do futuro.

A seguir, preséntanse catro experiencias de diferentes materias do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que se imparte no INEFC da Universitat de Barcelona, nas cales se incorporou a perspectiva de xénero tanto no enfoque dos contidos como nas metodoloxías que os desenvolven. A primeira é unha proposta para levar a cabo á hora de incorporar as competencias para desenvolver a perspectiva de xénero na área da educación física neste grao, mentres que as outras tres fan referencia a materias que, ben na actualidade, ben en cursos anteriores, se desenvolveron incorporando a perspectiva de xénero no seu conxunto, desde o deseño das competencias ata o da avaliación, pasando polas metodoloxías empregadas, e nas cales tamén se ten en conta a propia maneira de intervir de quen imparte a docencia.

Experiencia 1. Deseño curricular en educación física, actividade física e deporte

Esta primeira experiencia consiste nunha proposta para incorporar a perspectiva de xénero na materia que teña como obxecto traballar coa programación do ensino da actividade física e o deporte. É unha materia troncal do plan de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e que, en función da universidade, se imparte no segundo ou no terceiro curso.

A continuación, pódese consultar o obxectivo perseguido, os contidos que se poden desenvolver, unha proposta de indicadores de avaliación das aprendizaxes da materia e, por último, unha proposta de metodoloxía organizativa.

Táboa 2. *Descricións e resultados de aprendizaxe dunha competencia enfocada na perspectiva de xénero na formación do profesorado de Educación Física*

Obxectivo

- Organizar a docencia de Educación Física incorporando a perspectiva de xénero na programación, a intervención e a avaliación.

Contidos

- Análise do currículo e a programación de Educación Física con perspectiva de xénero.
- Estratexias metodolóxicas non sexistas.
- Eliminación de prexuízos, estereotipos e roles en función do sexo.
- Integración da contribución das mulleres á práctica e á actividade física e deportiva.
- Prevención da violencia contra as mulleres.
- Uso non sexista da linguaxe.
- Interpretación dos resultados de aprendizaxe do alumnado con perspectiva de xénero.
- Reflexión sobre as propias crenzas e estereotipos de xénero.

- Promoción da reflexión crítica fronte ás desigualdades e discriminacións por razón de xénero en relación coas ideas corporais, coa actividade física e co deporte.

Indicadores de avaliación • Identificar as discriminacións presentes no currículo oculto e no currículo formal de Educación Física.

- Diseñar programacións inclusivas que atendan á diversidade do alumnado e promovan a coeducación.
- Utilizar recursos e alternativas non sexistas na organización da docencia.
- Identificar os estereotipos de xénero na actividade física e deportiva, así como os factores que os perpetúan.
- Empregar imaxes e exemplos de mulleres na práctica da actividade física evitando o nesgo de xénero.
- Utilizar modelos de convivencia baseados no respecto, así como métodos non violentos para a resolución de conflitos.
- Facer uso da linguaxe de forma inclusiva e nonsexista.
- Propoñer actividades de avaliación tendo en conta a superación de desigualdades de xénero.
- Desenvolver actividades e propostas que favorezan a sensibilización e a transformación dos modelos e relacións tradicionais de xénero por medio da educación física.
- Saber acompañar o alumnado do colectivo LGTBIQ+.

Fonte: elaboración propia

Experiencia 2. Intervención e Avaliación da Actividade Física, a Educación Física e o Deporte

A segunda experiencia que se presenta é a dunha materia troncal (6 ECTS) impartida no cuarto curso de Ciencias da Educación Física e do Deporte. En liñas xerais, o que busca esta materia é establecer normas básicas de actuación e principios xerais para desenvolver de maneira óptima os procesos de ensino-aprendizaxe no ámbito da educación física, a actividade física e o deporte. Xa que logo, o que esta materia pretende é aproximar a teoría e a ciencia á realidade diaria, a como os e as profesionais se achegan ao seu alumnado, a deportistas, a pacientes e a persoas

usuarias, e como dirixen, guían e supervisan a súa práctica. Os contidos son moi amplos, pero sempre se enfocan á intervención das e dos profesionais.

De novo, os contidos con perspectiva de xénero neste exemplo están detallados na guía docente da materia de forma transversal e específica. En liñas xerais, o encadramento desta materia é incorporar a perspectiva de xénero en diferentes actividades de forma continuada ao longo do cuatrimestre, coidando a linguaxe e a selección dos contidos tanto teóricos como prácticos para proporcionar riqueza motriz e diversidade de capacidades, e evitar así o androcentrismo na educación física. Tamén se empregan metodoloxías inclusivas e reflexivas, e o material didáctico selecciónase e distribúese prestando atención ás imaxes e exemplos utilizados.

As competencias que debe acadar o alumnado que cursa esta materia son as seguintes:

- Abordar os dereitos fundamentais e os principios da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Organizar a docencia da educación física incorporando a perspectiva de xénero na programación, na intervención e na avaliación.

Aínda que aquí se propoñen estas dúas competencias, poderían facerse extensibles a outras contornas relacionadas coa actividade física e o deporte.

Por outra banda, a materia pretende conseguir catro obxectivos específicos:

- Experimentar sensacións positivas co contido de educación física a fin de poñer en valor a materia.
- Sensibilizar o alumnado sobre as desigualdades de xénero, así como sobre o significado e a importancia da coeducación.
- Dispoñer de recursos para evitar situacións de exclusión e discriminación por razón de xénero na práctica profesional.
- Rachar cos estereotipos de xénero do alumnado relacionados coa actividade física e o deporte.

No que respecta ás modalidades organizativas, esta materia inclúe tres sesións específicas para abordar a perspectiva de xénero que, polo xeral, se levan a cabo durante as primeiras semanas da materia coa intención de conducir o alumnado cara a unha práctica non sexista e de que faga todas as actividades da materia desde esta perspectiva. Así, na primeira sesión trabállanse os conceptos clave relacionados co tema construíndo unha nube conceptual na que aparecen termos como *xénero*, *sexo*, *equidade*, *igualdade*, *efecto Pigmalión*, *coeducación*, *currículo oculto*, *estereotipos*, *prexuízos*, *diversidade*, *discriminación*, *feminismo*, *machismo*, *sexismo*, *androcenismo*, *apoderamento*, *identidade de xénero*, *LGTBIQ+*, *teito de cristal* etc. O alumnado ten que traballar de forma cooperativa para conseguir o maior número de definicións posible e atopar un exemplo relacionado coa educación física, a educación física e o deporte. Con esta actividade trabállase o contido da materia e relaciónase con outras áreas temáticas que se imparten no grao, como a socioloxía, a psicoloxía, a xestión deportiva ou a saúde e a prescrición do exercicio físico.

A segunda sesión está orientada a buscar datos obxectivos en estudos científicos xa publicados ou en bases de datos especializadas co fin de traballar desde a perspectiva de xénero con datos cuantitativos e cualitativos sobre a práctica deportiva (volume, frecuencia e modalidades por grupos de idade, así como opinións, actitudes e crenzas). Deste modo, ábrese o debate sobre os modelos tradicionais de xénero e os estereotipos de xénero para rematar coa crenza de «se queres, podes». Nesta mesma sesión tamén se traballan a linguaxe e as imaxes, o que se aborda de forma específica e se incorpora nos criterios de avaliación da materia co obxectivo de propiciar un cambio no uso da linguaxe masculina xenérica e androcéntrica cara a unha linguaxe visibilizadora e inclusiva entre todo o alumnado, que poida poñer en práctica no seu día a día. Este exercicio reflexivo lévase a cabo coa frase «Pérez tiña un irmán. O irmán de Pérez morreu. Porén, o home que morreu nunca tivo un irmán» a fin de traballar nas ideas da linguaxe como forma de pensamento e reprodutora da sociedade. Danse unha serie de indicacións para incorporar a linguaxe inclusiva

no día a día, tanto escrita como oral. Con esta pauta, a seguinte actividade reflexiva céntrase na análise dos materiais elaborados polo propio alumnado para revisar a linguaxe empregada (subliñando con diferentes cores o masculino xenérico, as formas neutras e as formas dobres) e facer unha proposta de mellora.

Na última sesión trabállase coas imaxes a fin de abordar os canons de beleza (vinculados á cousificación e á imaxe do corpo-objeto para cumprir co canon da feminidade ou da masculinidade) e as condutas de risco (como a tríade da atleta, entre as mulleres, ou o a asociación musculación-éxito que recae sobre os homes). Tamén se busca incluír máis imaxes de mulleres protagonizando as accións deportivas, para evitar o sexismo fotográfico e converter as protagonistas en referentes sociais.

Con respecto ao sistema de avaliación desta materia, incorpóranse diferentes elementos específicos en cada unha das actividades de avaliación. A seguir detállanse os indicadores incorporados en diferentes instrumentos de avaliación, como rúbricas, listas de comprobación ou dianas de aprendizaxe:

- Uso dunha linguaxe coeducativa que sexa visibilizadora, transformadora e respectuosa, e que fomente a igualdade de oportunidades.
- Participación das persoas do grupo, en referencia aos traballos grupais coa visión da aprendizaxe cooperativa, na cal os papeis asignados deben ser rotativos a fin de promover o liderado e a responsabilidade.
- Materiais e usos do espazo, en referencia ás actividades que se levan a cabo nas clases prácticas e que o alumnado organiza de forma autónoma. O que se pretende é avaliar como o alumnado emprega o contido con perspectiva de xénero sobre os usos do material (tipo de material, repartición entre compañeiras e compañeiros) e os espazos utilizados como ferramenta de transformación e reflexión, e non como reprodutora dos estereotipos de xénero.

Experiencia 3. Xogos e Deportes Alternativos

A terceira experiencia que se detalla forma parte do plan de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Trátase dunha materia troncal de 6 ECTS que nalgunhas universidades se imparte no segundo curso e, noutras, no primeiro. Malia que a proposta que se presenta a seguir non se impartiu no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, si que se puido desenvolver no Grao en Maxisterio, na especialidade de Educación Física; así pois, a seguinte é unha proposta adaptada para o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Os eixes de traballo desta materia son a ruptura co discurso hexemónico do deporte de competición como ferramenta de traballo na educación física e a busca do potencial do xogo como ferramenta de socialización e traballo das motricidades básicas e específicas do ser humano. Preséntase como unha materia optativa cun contido específico e, ao mesmo tempo, transversal, pola sensibilización propia do profesorado que a imparte.

As competencias que o alumnado debe conseguir tras cursar esta materia son as seguintes:

- Abordar os dereitos fundamentais e os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Saber transmitir información, ideas, problemas e solucións desde a pedagogía crítica a un público tanto especializado como non especializado.
- Ter capacidade creativa e emprendedora (capacidade de formular, deseñar e xestionar proxectos/capacidade de buscar e integrar novos coñecementos e actitudes).

Os obxectivos relacionados coa perspectiva de xénero que se presentan, e que o alumnado ten que superar a medida que se vai desenvolvendo o contido e as actividades prácticas da materia, son os seguintes:

- Sensibilizar o alumnado sobre as desigualdades de xénero, así como sobre o significado e a importancia da coeducación.

- Dispoñer de recursos para evitar as situacións de exclusión e discriminación por razón de xénero ou identidade sexual na práctica docente.
- Rachar cos estereotipos de xénero do alumnado en relación coa actividade física e o deporte.
- Xerar estratexias didácticas coeducativas.

A metodoloxía que se emprega nesta materia é diversa: o contido impártese tanto nas sesións teóricas como nas prácticas. A proposta é a de empregar, polo menos, unha sesión de cada para traballar os xogos desde a vertente coeducativa. Así mesmo, a perspectiva de xénero vai impregnando o conxunto da materia, xa sexa por medio da linguaxe visibilizadora e inclusiva que emprega o profesorado, xa sexa por medio das dinámicas de traballo en equipo entre iguais (constitución de equipos de traballo diversos para promover a reflexión crítica dos grupos segundo a situación traballada: reflexión sobre os xogos presentes nos patios escolares, os materiais convencionais, innovadores ou reciclados etc.).

No que respecta ás sesións específicas sobre a perspectiva de xénero e o xogo, propónse comezar cunha revisión dos conceptos clave en materia de xénero e traballar, mediante xogos na aula, as «resistenciais ao cambio» que pode amosar o alumnado. Neste sentido, expresións como «non é necesario», «é natural», «é normal», «é a súa escolla» ou «non podo facer nada» forman parte do discurso do debate que se xerará na aula, e a resposta debe traballarse a partir de razóns culturais e presentando datos que rachen cos mitos e con esas resistenciais.

Na sesión práctica trabállase cos xogos coeducativos, transformando as compoñentes competitivas en elementos cooperativos ou buscando outras habilidades que non se baseen na potencia ou na forza, senón na parte expresiva e en habilidades motrices básicas. O que se busca é poñer en valor as prácticas asociadas á feminidade e, ao mesmo tempo, reflexionar sobre as hexemonías (tanto masculina como feminina) arredor do xogo e a motricidade humana.

Ao rematar a materia, o alumnado dispón de toda unha serie de recursos para innovar na creación de xogos evitando a competición como eixe

principal, así como recursos comunicativos e de organización didáctica (recursos materiais, distribución de grupos e de espazos) que ata entón non se cuestionaran baixo o prisma da coeducación.

A avaliación que se propón nesta materia segue uns indicadores semellantes aos da experiencia anterior: baséase en indicadores transversais, como o uso da linguaxe visibilizadora e transformadora en cada unha das tarefas que se entregan para avaliar a materia, ou a valoración da capacidade crítica do alumnado no que respecta aos estereotipos e roles de xénero presentes na sociedade e que quedan reflectidos nos xogos que teñen que inventar para superar a materia, así como nos comentarios (verbaís e escritos) que fai o propio alumnado. Outro dos indicadores que forma parte da avaliación desta materia é o deseño dun xogo ou forma xogada que axude á transformación ou á reflexión dos estereotipos e roles de xénero.

Experiencia 4. Promoción e Prescrición do Exercicio Físico para a Saúde

A seguinte experiencia está vinculada á área de coñecemento da saúde. Trátase dunha materia troncal de 6 ECTS que o alumnado cursa no terceiro ano do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. O obxectivo é traballar coas bases da prescrición do exercicio físico, así como co deseño e a avaliación de programas de actividade física e de deporte para o conxunto da poboación, tendo en conta os grupos de poboación con ou sen patoloxías. Neste marco, a propia materia está presentada como unha competencia específica vinculada á capacidade crítica: «Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética». Dos sete bloques de contidos que se traballan nesta materia destacan dous:

- Principios xerais da prescrición de exercicio para a poboación xeral; recomendacións de exercicio físico para crianzas e adolescentes en función do xénero.

- Experiencias teórico-prácticas de programas para a prescrición de deporte e de actividade física para a saúde; forza e resistencia en crianzas e adolescentes; selección de contidos favorables á programación de actividade física e de educación física; o parto e posparto e o solo pélvico.

En canto á metodoloxía, a materia desenvólvese en sesións maxistras e prácticas nas que se aplican os deseños elaborados, así como en prácticas de mobilidade e manipulación das persoas que pode haber que tratar, de maneira que o alumnado aplica na práctica os contidos da materia, en xeral en grupos mixtos. Con anterioridade a esas prácticas, trabállase a partir da reflexión sobre a boa praxe, os pasos éticos da profesionalidade e, especialmente, os procedementos que se deben seguir para realizar o contacto «corpo con corpo» entre profesional e paciente, xa que reflexionar sobre o corpo e o contacto físico, ao igual que solicitar o consentimento para manter ese contacto, é o primeiro requisito da materia.

O profesorado da materia imparte o contido tanto teórico como práctico empregando sempre a linguaxe neutra ou visibilizadora e incide nas prácticas reflexivas na propia aula para promover a capacidade crítica do alumnado ante os fenómenos sociais e culturais que levan á discriminación e á falta de oportunidades na práctica deportiva, o que pode provocar certas patoloxías ou trastornos físicos ou psicolóxicos. Do mesmo xeito, o tratamento das mulleres nesta materia ten moita relevancia, pero non como un problema para o rendemento deportivo nin só como un enfoque patolóxico da obstetricia, senón para poder mellorar a saúde e a calidade de vida das mulleres nas diferentes etapas da súa vida. Tamén se traballa, arredor da adolescencia, na visión crítica dos medios de comunicación sobre o concepto de saúde dixital, amosando unha posición crítica a respecto do exceso do consumo do corpo como ferramenta de transformación da identidade de quen se dedica profesionalmente ao deporte.

Por último, cómpre mencionar que nesta materia se propón unha actividade avaliable específica denominada «prescrición para mulleres emba-

razadas», na cal hai que deseñar un programa para este colectivo. Ademais, nas outras actividades de avaliación pídense criterios con perspectiva de xénero para avaliar os hábitos perdurables e autónomos adecuados á saúde e á práctica de actividade física e deportiva nos distintos grupos de poboación (entre eles, crianzas, adolescentes e mulleres adultas).

•• 05. Recursos docentes para incorporar a perspectiva de xénero

Para cada un dos eixes antes descritos, detállanse a seguir unha serie de recursos que axudarán ao desenvolvemento das accións mencionadas, así como á reflexión e incorporación da perspectiva de xénero no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.

Eixe 1. Imaxe dos estudos e as profesións do ámbito da actividade física, a educación física e o deporte: promoción con perspectiva de xénero

Azurmendi, Ainhoa e Elduaen, Maitane (2010). *Guía para una comunicación igualitaria en el deporte*. Vitoria-Gasteiz: Gobierno Vasco. Dispoñible en: <https://goo.gl/ir1FSG>

Federació Catalana de Futbol (2017). *Campanya Orgullosa* [vídeo]. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=fYc8enA6VrE>

Goldie Blox (2013). Anuncio «Princess Machine» [vídeo]. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=IIgyVa5Xftw>

López Villar, Cristina; Castro-García, Marina; López-López, Claudia; Noya Casas, Lucía e Fraga Pena, Natalia (2021). *Xornada Internacional Sexismo no contexto físico-deportivo e experiencias para o cambio*. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/29845>

Rey, Ana e González, Alba (2017). *O xénero nos ollos. Estratexias para educar con/e pese a) fotografías dos materiais curriculares*. Vigo: Universidade de Vigo. Dispoñible en: https://xeneronosollos.webs.uvigo.gal/El_genero_en_los_ojos.pdf

Sterling, Debbie (2013). *Inspiring the next generation of female engineers – TEDxPSU* [vídeo]. Dispoñible en: <https://youtu.be/FEeTLopLkEo?si=6aQ-8WKr7B5sm2Uw>

Eixe 2. O profesorado: do ámbito universitario aos ciclos formativos e a educación física de primaria e secundaria

Alguns exemplos e recursos:

Transversalidade de xénero na formación universitaria

Coll-Planas, Gerard (2016). *Guía pedagógica dibujando el género*. Vic: Universitat de Vic. Dispoñible en: http://www.dibgen.com/pdf/guia_pedagogica_Dibujando_el_genero.pdf (máis recursos en: <http://www.dibgen.com/index-es.html>).

Costello, Joseph T.; Bieuzen, François e Bleakley, Chris M. (2014). «Where are all the female participants in Sports and Exercise Medicine research?». *European Journal of Sport Science*, 14(8), 847-851. <https://doi.org/10.1080/17461391.2014.911354>

Laboratorio para la Igualdad en el Deporte (2016). Decálogo de acciones para mejorar nuestra docencia fácilmente desde la perspectiva de género. Sevilla: Universidad de Sevilla.

Lleixà, Teresa; Soler, Susanna e Serra, Pedrona (2020). «Perspectiva de género en la formación de maestras y maestros de Educación Física». *Retos. Nuevas Tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 37, 634-642.

Mosquera-González, María José e López-Villar, Cristina (2014). «Diseño de una estrategia educativa de género en la facultad de ciencias del deporte y la educación física de la Universidade da Coruña: Grupo de Estudios de Xénero, Actividade Física e Deporte (GEXAFD)». En R. Llopis Goig (coord.) *Crisis, cambio social y deporte*. XIII Congreso Internacional AIESAD (pp. 357-364). Valencia: aullibres. Dispoñible en: https://drive.google.com/file/d/oB6uhws5_AQcpVosoZoVyT3V4WU/view?resourcekey=o-QliYsdhIjBqAp5bJDKo6FA

Observatorio Vasco de la Juventud (2014). *Guía de lectura sobre jóvenes, igualdad y actividad deportiva*. Dispoñible en: <https://goo.gl/9Z2E1o>

Vizcarra, Mariate (2016). *La perspectiva de género en los títulos de Grado de Magisterio en Vitoria-Gasteiz*. Comunicación presentada no obradoiro

«Igualdad en juego», 9-10 de xuño de 2016, Barcelona. Dispoñible en: https://inefcgiseafe.files.wordpress.com/2016/07/bizkarra_2016_perspectiva-de-gc3a9nero-en-magisterio-vitoria.pdf

Sensibilización: vocacións de futuro para as mozas

Always (2014). Campaña «Like a girl» [vídeo]. Dispoñible en: <https://youtu.be/dxrPeFKtUwQ?si=omowSEVCGxcwMJ01>

Farmamundi (2016). Campaña «Imagina tu meta» [vídeo]. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=nj6YXNgOlxo>

Linguaxe e deporte

Alfaro, Elida; Bengoechea, Mercedes e Vázquez, Benilde (2010). *Hablamos de deporte*. Madrid: Instituto de la Mujer. Dispoñible en: <https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaDeporte/docs/MaterialesDidacticos/HablamosDeporte.pdf>

Lledó, Eulàlia (2009). *Guía de lenguaje para el ámbito del deporte*. Vitoria-Gasteiz: EMAKUNDE. Dispoñible en: <https://goo.gl/W4sf9z>

Educación física non sexista

APEFADAL (2017). *10 consejos para eliminar desigualdades de género en tus clases de Educación Física* [documento en liña]. Dispoñible en: <http://www.consejo-colef.es/single-post/APEFADAL-decalogo>

Bonal, Xavier (1998). «Cambiar la escuela: la coeducación en el patio de juegos». *Cuadernos para la Coeducación* (vol. 13). Barcelona: Institut de Ciències de l'Educació de la Universitat Autònoma de Barcelona. Dispoñible en: https://www.uab.cat/doc/Cambiar_Escuela_Coeducacion_Patio_Juegos

Checa, Olga (2006). *Guía didáctica per al professorat: Una proposta didáctica per a la sensibilització i la formació del professorat*. Catalunya: Llicència d'estudis. Dispoñible en: <http://www.xtec.cat/sgfpl/llicencies/200607/memories/1579a.pdf>

Fernández, Emilia; Camacho, M. José; Vázquez, Benilde; Blández, Júlia; Mendizábal, Susana; Rodríguez, M. Isabel; Sánchez Bañuelos, Fernando; Sánchez, Mauro e Sierra, M. Ángel (2010). *Guía PAFIC para la promoción*

de la actividad física en chicas. Madrid: Consejo Superior de Deportes - Instituto de la Mujer del Ministerio de Igualdad. Dispoñible en: https://www.csd.gob.es/sites/default/files/media/files/2021-06/PDF_o.pdf

González-Béjar, Alberto; Arévalo, Baeza, Marta y Camacho-Miñano, María José (2020). 12 razones para educar las masculinidades en educación física. Guía educativa para el profesorado. Universidad de Alcalá- Unidad de Igualdad. Dispoñible en: <https://www.uah.es/export/sites/uah/es/conoce-la-uah/.galleries/Galeria-de-descarga-de-Conoce-la-UAH/12Razones.pdf>

Vázquez, Benilde e Álvarez, Gonzalo (eds.) (1990). *Guía para una educación física no sexista*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Dispoñible en: https://www.libreria.educacion.gob.es/gl/libro/guia-para-una-educacion-fisica-no-sexista_164089/

Eixe 3. Estratexias organizativas nas institucións educativas e de formación

Algúns exemplos e recursos

Observatori per a la Igualtat da Universitat Autònoma de Barcelona. Máis información en: <https://www.uab.cat/observatori-igualtat>

Redes e programas de mentorización de mulleres

Asociación de Mulleres investigadoras e tecnólogas. Máis información en: <https://amit-es.org/> ou no nodo galego https://amit-es.org/nodos_y_grupos/galicia/

